



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Prácticum 1	Código	750G02033	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Alonso Tajés, Francisco	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es	
Profesorado	Alonso Tajés, Francisco	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es	
Web	https://campusvirtual.udc.gal/login/index.php			
Descrición xeral	DADO QUE O PRÁCTICUM 1 É UNHA MATERIA EN EXTINCIÓN (SEN DOCENCIA ASIGNADA) DE PRÁCTICA CLÍNICA ASITENCIAL NA QUE O ALUMNADO TEN A OBRIGA DE ASISTIR ÁS PRÁCTICAS CLÍNICAS PARA PODER SER AVALIADOS POR AVALIACIÓN CONTINUA, NON EXISTE A POSIBILIDADE DE CURSAR E SUPERAR O PRÁCTICUM 1 POLO PLAN DE ESTUDOS DO 2009, SENDO OBRIGATORIO CURSAR A MATERIA POLO PLAN DO 2019.			
Plan de continxencia				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
O alumno/a integra e aplica na práctica clínica podolóxica os coñecementos adquiridos durante todos os seus estudos, nas Clínicas podolóxicas universitarias e centros acreditados, para o desenvolvemento da profesión podolóxica tanto en centros públicos como privados	A36 A60		C4 C5
Protocoliza e aplica o método clínico en podoloxía, desenvolvendo a capacidade de establecer protocolos, executalos e avalialos	A37 A60	B2 B14 B16	
Realiza a historia clínica podolóxica e rexistra a información obtida; coñece e manexa os sistemas de rexistro de datos clínicos utilizados no proceso de atención podolóxico para o diagnóstico, tratamento e seguimento dos pacientes	A38	B7 B12	C3
Desenvolve as técnicas de exploración física adaptada ao motivo de consulta e ao diagnóstico de sospeita	A39	B2 B16 B19	
Desenvolve a habilidade de realizar as actividades radiolóxicas propias da podoloxía.	A40	B13 B14	
Interpreta os resultados das probas complementarias e a racionalización do seu uso.	A41	B13 B19	
Emite un diagnóstico e prognóstico, mediante a análise dos resultados de todas as probas realizadas ao paciente (anamnesis, probas físicas e complementarias)..	A41 A42	B2 B14 B18 B19	



Deseña o plan de intervención integral ou tratamento podolóxico para unha intervención terapéutica eficaz das afeccións dos pacientes, valorando todas as posibles opcións dos diferentes campos terapéuticos podolóxicos	A43 A50 A55 A60	B2 B3 B6 B19	
Desenvolve a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos podolóxicos, aprendendo a manexar o instrumental quiropodolóxico así como os materiais terapéuticos ortoprotésicos e a maquinaria empregados para a fabricación e aplicación de tratamentos ortoprotésicos podolóxicos, e os equipos terapéuticos para a aplicación da terapia física	A46 A55	B14 B19	
Aplica as medidas de resucitación e reanimación en casos de emerxencia propia, mantendo actualizados os coñecementos e técnicas para a súa aplicación	A47	B2 B5 B13	
Desenvolve as habilidades sociais para a comunicación e o trato co paciente e outros profesionais. Establece intercambio de información cos distintos profesionais e autoridades sanitarias implicadas na prevención, promoción e protección da saúde.	A48 A49	B7 B18	C3
Elabora e interpreta informes clínicos como parte do rexistro documental da clínica para o intercambio de información tanto co paciente como con outros profesionais	A49 A51	B7 B12 B18	C3
Garante a calidade asistencial na práctica da podoloxía, avaliando os resultados obtidos do proceso de atención Podolóxica	A55 A60	B6 B14	C4
O alumno/a é capaz de seleccionar información, analízala e avaliala para redactar, expor e defender un informe científico, fomentando a lectura crítica de artigos científicos e a asistencia a sesións clínicas, cursos, xornadas e congresos co fin de manter actualizados os coñecementos, habilidades e actitudes.	A60	B6 B14	C3 C4

Contidos	
Temas	Subtemas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
	A atención personalizada desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor/a. Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas titorías", ou de forma virtual, sendo atendidas as titorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes de Moodle, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia (Teams).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación





Matrícula de Honra: A cualificación de

Matrícula de honra (MH) será

outorgada automaticamente a aqueles alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación

final. No caso de que exista maior número de alumnos/as que matrículas de honra

poidan ser asignadas á materia, convocarase aos alumnos/as en disposición de

obter devandita cualificación e realizarase unha probaba específica de

características similares ás dos exames prácticos para determinar a súa

asignación final. Nos casos nos que a cualificación final sexa superior a 9.0

poderase outorgar a cualificación de MH. Para iso o conxunto do profesorado

con docencia no Prácticum I valorará a posibilidade de outorgar dita MH

tendo en conta as aptitudes e actitudes do alumno/a a condición de que o sea otorgación non supoña superar a cota de MH establecida pola normativa vixente

unha vez outorgadas as MH os alumnos/as que obteñan un 10 na cualificación final.

Repetición de Prácticum I: Non superar o requisito

mínimo establecido para a cualificación da avaliación continua dalgún dos rotatorios, non superar algún dos exames prácticos entre as 2 oportunidades,

ou non alcanzar a cualificación final mínima de 5 no sumatorio de todos os ítems

de avaliación previstos para o Prácticum I entre as dúas oportunidades da convocatoria, suporá a non superación da

materia e a repetición íntegra das prácticas en segunda matrícula e posteriores.

Non presentado: A

ausencia a máis do 30% das prácticas ou a algún dos exames prácticos suporá

automaticamente unha cualificación de Non Presentado

Alumnado de mobilidade (Erasmus , SICUE, Bilateral): A cualificación do alumnado de mobilidade realizarase só pola avaliación continua nos rotatorios. No caso de suspenso na mesma, poderán superar a materia superando as probas prácticas do rotatorio suspenso.

Mentores ERASMUS e Bilateral: Ao comezo da materia proporase a todo o alumnado a posibilidade de, voluntariamente, participar como

mentores/as do alumnado. De se presentar máis voluntarios/as dos necesarios, farase una selección pola nota do expediente académico, tendo en conta, de ser o caso, a certificación oficial de coñecemento do idioma do alumnado de mobilidade (segundo o nivel del coñecemento do idioma engadirase a nota do expediente de 0,5 a 3 puntos). A participación como mentor sumará ata 0,5 puntos á cualificación final da materia do alumnado mentor.

PLAXIO. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

RECUPERACIÓN DE HORAS DE PRÁCTICUM I POR AUSENCIA JUSTIFICADA.

Todo o alumnado matriculado na materia de Prácticum I poderá optar á recuperación de horas en período non lectivo cando se dean as seguintes circunstancias:

a. O número de horas das faltas de asistencia acumuladas superen o número de horas de ausencia xustificadas non penalizadas prevista na guía docente (3 xornadas de prácticas ou o seu equivalente en horas: 12 horas). As horas de ausencia contabilizaranse tanto de días completos de ausencia (4 horas por día) como de ausencias parciais durante un día de prácticas (computo da diferenza de tempo entre a hora de entrada e a de saída).

b. A causa da superación do límite de horas de ausencias xustificadas prevista na guía docente atópese incluída nalgún dos seguintes supostos de ausencia:

i. Alumno/a de intercambio nos programas ERASMUS / SICUE ii. Alumno/a con consideración de deportista de elite /alto nivel (con certificación acreditada) iii. Ausencias por enfermidade que impida a asistencia ás prácticas clínicas, acudir a tratamentos, etc. En calquera destes supostos, requirirase informe médico. iv. Ausencias xustificadas contempladas na normativa académica da UDC como asistencia a reunións de órganos colexiados da UDC como representantes dos estudantes; cumprimento dun deber inescusable; etc. v. Ausencias que non se axusten aos apartados anteriores (como asistencia a cursos, xornadas ou congresos de formación de interese podolóxico). e que, tras ser avaliadas polo coordinador/a de a materia, poidan obter un informe favorable unha vez consultado o claustro de profesorado con docencia no Prácticum I. Durante o curso vixente, as datas de recuperación de prácticas do período non lectivo estableceranse de maneira consensuada co alumnado, atendendo á dispoñibilidade dos horarios do profesorado e da Clínica Universitaria de Podoloxía. De existir situacións de ausencia que non estean incluídas nos supostos recollidas no



apartado b) e/ou que sexan motivo de controversia por non recibir un informe favorable para o seu cómputo como ausencias xustificadas, serán trasladadas, baixo petición do interesado/a, á Comisión de Docencia da Facultade de Enfermería e Podoloxía para a súa resolución.



Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías